



REGULAMENTO PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, REUNIÓN E ACTOS CIENTÍFICOS

En cumprimento do artigo 30, do Título IV dos Estatutos da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, establécese o seguinte regulamento para a organización de Congressos, Reunións e Actos Científicos:

Artigo 1.- Dos requisitos para ser sede do Congreso ou Reunión Anual.

1.1.-Momento da solicitude

A decisión acerca da cidade-sede tomarase na asemblea correspondente 2 anos antes. A solicitude deberá chegar axeitadamente cumprimentada (ver Anexo 1) á Secretaría da SGXX cun mínimo de dous meses de antelación á asemblea.

1.2.-Quen pode facer a solicitude

- A Xunta Directiva da SGXX que poderá propor unha cidade como sede.
- Algunha institución autonómica acreditada no ámbito da xerontoloxía-xeriatría.
- Calquera membro individual da SGXX con máis de tres anos de antigüidade.

1.3.-Requisitos formais

Deberase enviar un informe de acordo ao anexo I que incluírá, ademais doutros datos, os seguintes: datas propostas, características materiais dos locais, sedes, facilidades e composición do comité local organizador. No caso da concesión do Congreso, dito informe deberá ser feito con carácter definitivo na asemblea xeral do ano anterior.

1.4.-Quen decide.

A asemblea xeral da SGXX, previo informe da xunta directiva da Sociedade.

Artigo 2.-Da composición e competencias do Comité Organizador.

2.1.-Composición.

Estará constituído como mínimo por un presidente/a que será, a súa vez, o presidente/a do Congreso, un vicepresidente/a, e a lo menos cinco vogais (un por cada unha das seccións) un secretario e un tesoureiro. A lo menos a metade dos membros do Comité Organizador serán socios da SGXX.

2.2.-Competencias.

1. Establecer unha sede que sirva como secretaría do mesmo.
2. Organizar tódolos aspectos referidos á infraestrutura material do congreso ou reunión (locais-sede, axencia local para hoteis e viaxes, e outros).
3. Intervir na elaboración do programa científico e na selección das comunicacións, a través do Comité Científico definido no artigo 4.
4. Intervir na xestión económica do congreso a través da comisión económica definida no artigo 3.
5. Asumir na figura do seu presidente a representación do congreso ante as autoridades autonómicas, provinciais e locais.
6. Deseñar os actos sociais previo visto bo da comisión económica. Ditos actos non poderán interferir cas actividades científicas do congreso, nin gravar en exceso a cota de inscrición.



REGULAMENTO PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, REUNIÓN E ACTOS CIENTÍFICOS

Artigo 3.-Dos aspectos económicos e da tesourería.

3.1.-Xestión económica.

A elaboración do orzamento, contratación dos servizos, xestión e control de ingresos e gastos irá a cargo da **Comisión Económica** constituída polo Presidente/a e Tesoureiro/a do comité organizador do congreso, e do Presidente/a e Tesoureiro/a da SGXX.

O presidente/a da SGXX terá voto de calidade. Esa mesma comisión será a que fixe as cotas de inscrición así como as cantidades a percibir polos simposios satélites, stands de exhibición ou calquera outra fonte de ingresos que se estableza. Dita comisión poderá buscar fórmulas alternativas que faciliten a asistencia ó programa científico exclusivamente.

O Comité Organizador reservará, en lugar destacado, un espazo de a lo menos 6m² para que sexa utilizado como stand pola SGXX.

Os relatores dos Congressos da Sociedade non percibirán ningún honorario pola súa participación no evento. En todo caso, o Comité Organizador correrá con todos os gastos que a concorrencia dun relator ocasione en relación a desprazamento, aloxamento e manutención.

3.2.-Orzamento

A **Comisión Económica** velará porque o orzamento do Congreso sexa o máis adecuado posible, sempre tendo en conta que os ingresos sexan a lo menos similares aos gastos evitándose sempre a entrada en déficit. Para tal fin, o Comité Organizador presentará ante a Comisión Económica do Congreso o balance provisional de gastos e ingresos previstos con carácter previo ao inicio dos gastos.

Unha vez finalizado o Congreso e nos tres meses posteriores a súa finalización, o Comité Organizador deberá presentar o balance de ingresos e gastos final, que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da SGXX previo a súa presentación ante a Asemblea Xeral.

Os beneficios económicos, se os houbera, reverterán integramente na tesourería da SGXX. Non se contempla déficit.

Artigo 4.- Do Comité Científico

4.1. Perfil

Estará formado por polo menos 5 persoas con actividade relevante nos campos da xerontoloxía e xeriatria autonómica, española ou internacional. A lo menos a metade máis un deles serán doutores e o 20% membros da SGXX.

4.2. Composición

O Comité Científico estará formado por un Presidente, un Secretario e vogais. O Presidente e o secretario serán doutores.

5. Programa científico

5.1.-Aprobación

Será elaborado polo Comité Científico, antes de ser ratificado polo Comité Organizador, que deberá pasalo a Xunta Directiva da SGXX, como trámite previo a súa aprobación definitiva.

Na proposta, o Comité Científico deberá adaptarse a normativa que regula os Congressos así como ao orzamento previsto, tratando de que os gastos sexan minorados na medida do posible.



REGULAMENTO PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, REUNIÓN E ACTOS CIENTÍFICOS

O Comité Científico elaborará un programa de acordo ás directrices establecidas polo Comité Organizador e de acordo ás normas do presente regulamento.

5.2.-Presidentes Moderadores das mesas

Designados polo Comité Científico preferentemente de entre os membros do Comité Organizador e Científico do evento. Neste caso, buscaranse afinidades cos temas a tratar nas mesas para as que son designados.

5.3- Duración e actividades

O programa xeral do congreso deberá ser uniforme sempre. Contará cun máximo de 2 días para Congressos e 1 para Reunións. Os actos de inauguración e clausura non poderán coincidir con ningún outro acto.

Para a decisión acerca dos contidos do programa deberá terse en conta a opinión dos/as socios/as da SGXX, expresada a través das distintas seccións ou grupos de traballo.

A decisión de levar a cabo os simposios satélites, así como os pormenores dos mesmos corresponde tamén ao Comité Científico. A temporalidade dos mesmos pode non axustarse aos mesmos días do congreso.

Nos actos de apertura e peche do Congreso, na mesa presidencial, ademais das autoridades e patrocinadores que se consideren oportunos, estarán a lo menos o Presidente do Comité Organizador e o Presidente da SGXX ou persoas en quen deleguen.

Artigo 6. Das inscricións

6.1. Tipos de inscricións

As inscricións ao Congreso constan de dous trámites:

- a) Formalización folla inscrición
- b) Pago da cota

A inscrición deberá formalizarse acolléndose á cota que lle corresponda e que poida acreditar.

De modo xeral establécense catro tipos de cotas (socios, pre-socios, estudantes e parados e xeral) e dúas modalidades antes dunha data establecida (cota reducida) o con posterioridade a dita data.

As cotas deberán establecer os dereitos dos congresistas que as aboan, de tal xeito que a lo menos deberían incluír: acceso salas programa científico (non obradoiros) e documentación básica. Outro tipo de elementos a incluír deberán especificarse no programa (xantares, cafés, obsequios,...).

Para obter a consideración de congresista é necesario cumprimentar a folla de inscrición, así como pagar e presentar o recibo correspondente as taxas na conta de Nova Galicia Banco número: 2080 5092 05 3040020072. Caso de que a cota aboada refírase a estudantes, xubilados ou parados, o congresista deberá enviar, ademais, documento que acredite a súa situación (copia da tarxeta de estudante, do paro ou do DNI)

6.2. Bolsas de inscrición

A SGXX oferta 15 bolsas de inscrición para os socios/as que o soliciten con anterioridade a data establecida e anunciada na páxina web, perante escrito dirixido á Secretaría da Sociedade (Apartado 939-15001-A Coruña). Para acceder ás bolsas,os socios/as deberán atoparse ao corrente do pago das cotas da Sociedade. No caso de solicitarse máis bolsas que as ofertadas, utilizarase como criterios de adxudicación o presentar ao Congreso algún traballo en formato comunicación oral e/o póster.



REGULAMENTO PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, REUNIÓN E ACTOS CIENTÍFICOS

6.3. Política de cancelacións

As cancelacións deberán facerse a través de calquera dos medios que a organización poña o servizo dos congresistas e que serán anunciados previamente (fax, mail,...)

As cancelacións realizadas con data anterior ao período de cota reducida serán devoltas na súa totalidade, descontando as taxas bancarias. As cancelacións feitas con a lo menos un mes de antelación sobre a data de inicio do Congreso serán devoltas nun 50% e as cancelacións feitas con menos dun mes con respecto a data de Inicio do Congreso non se devolverán.

Si vostede ten algunha dúbida acerca da política de cancelacións contacte coa administración do Congreso.

Artigo 7.-Do envío e selección de comunicacións

Os congresistas poderán enviar os resultados do seus traballos para que sexan avaliados polo Comité Científico e aceptados, no seu caso, como comunicacións orais ou póster.

7.1. Resumo

O formato resumo elaborado polo Comité Técnico da SGXX para o envío de comunicacións orais ou póster, será o mesmo para tódolos congresos e reunións, cos mesmos criterios formais e apto para poder ser reproducido no libro de relatorios e comunicacións. Os resumos deberán reflectir con exactitude obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións.

7.2. Datas

Enviarse vía e-mail á secretaría do Congreso quen emitirá acuse de recibo e comunicará no seu momento, a aceptación ou non da mesma.

A data límite de recepcións de comunicacións establecerase ata un mes antes do inicio do Congreso e será feito público a través da páxina web do Congreso ou, no seu caso, da SGXX.

7.3. Aceptación e rexeitamento

Facilitarase a participación dos socios no Congreso, polo que caso de que as comunicacións non reúnan os requisitos de calidade e formato requiridos, o Comité Científico poñerá en contacto cos autores a fin de que modifiquen a comunicación e poida ser aceptada. Caso de non recibir contestación no período establecido, a comunicación será rexeitada.

Para a selección das comunicacións, o Comité Científico avaliará as mesmas, podendo pedir colaboración a expertos. Todos eles puntuarán entre 0 e 10 a orixinalidade, metodoloxía, resultados e conclusións de cada comunicación, podéndose seleccionar aquelas que obteñan unha puntuación maior.

A comunicación ós/ás autores/as da aceptación ou rexeitamento da súa comunicación farase cun mínimo de 15 días antes do inicio do Congreso.



REGULAMENTO PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, REUNIÓN E ACTOS CIENTÍFICOS

ANEXO I: SOLICITUDE DA SEDE E ORGANIZACIÓN DO CONGRESO DA SGXX

DATOS PROPOÑENTE			
Nome:		Apelidos:	
Dirección:		Localidade:	
Provincia:		C.P.:	
Data afiliación a Sociedade:		Tlfno. Móbil:	
Teléfono Traballo:		Mail:	
DATOS CONGRESO			
Lugar:		Sede	
Dirección Sede:		Datas propostas:	
Lema Proposto:			
COMITÉ ORGANIZADOR (PROPOSTA)	NOME	ACTIVIDADE (SINALAR SI MEMBRO SGXX)	
Presidente Secretario Tesoureiro Vogais 1 2 3 4 5			
COMITÉ CIENTÍFICO (PROPOSTA)	NOME	ACTIVIDADE (SINALAR SI DOUTOR)	
Presidente Secretario Vogais			